


IV

deluns a venres

www.i-v.es

O gratuíto galego

MÉRCORES, 21.12.2011 • NÚMERO ESPECIAL



historia



UN LUSTRO NAS MANS DOS GALEGOS

O gratuito 'LV. De Luns a Venres' cumpre hoxe cinco anos de vida e faino como o único supervivente da prensa diaria en galego, nunha clara aposta do Grupo El Progreso pola información e a promoción do idioma propio. O seu crecemento foi continuo desde que naceu en 2006, ata converterse xa no terceiro xornal da comunidade

O xornal *LV. De Luns a Venres* saíu ás rúas por vez primeira o día 21 de decembro de 2006 como o primeiro xornal gratuito escrito integramente en lingua galega, baixo o paraguas do Grupo El Progreso e aproveitando o tirón da prensa gratuita en medio mundo, fenómeno xurdido nos 40 nos EE UU e que se popularizou nos 80 e nos 90 nos países escandinavos.

Coa sede central establecida en Santiago de Compostela e pensado para distribuírse nas sete grandes cidades de Galicia, a redacción, integrada por oito persoas dirixidas por Alfonso Álvarez Riveiro, púxose mans á obra con este proxecto. *LV. De Luns a Venres* iniciou deste xeito unha andaina imparabile que o levou ata o día de hoxe: o seu quinto aniversario.

Grazas a un continuo crecemento desde aqueles primeiros momentos, *LV. De Luns a Venres* é hoxe o terceiro xornal con maior difusión de Galicia (32.906 exemplares), cifra que o sitúa tamén entre os 30 xornais con maior divulgación de España. Ademais, o xornal gratuito do Grupo El Progreso é xa o segundo a nivel de difusión na provincia da Coruña.

Estes datos, elaborados por EGM en base a OJD -PGD no



A nova sede do Grupo El Progreso en Santiago tamén está de aniversario
Mañá cumprírase un ano da inauguración das novas instalacións de San Lázaro

O Grupo El Progreso estreou de xeito oficial a súa nova sede da capital galega, no número 35 da rúa Fernando de Casas Novoa, no barrio de San Lázaro, o 22 de decembro de 2010 –mañá cumprírase un ano–, aínda que o persoal de *LV. De Luns a Venres*, da Axencia Galega de Noticias (AGN) e das distintas plataformas dixitais e de vídeo do grupo xa operaban nas novas instalacións desde había unhas semanas. Este moderno complexo de oficinas, que substitúe as antigas da rúa Salvadas, incorpora as últimas tecnoloxías para o sector xornalístico e todo tipo de comodidades tanto para os xornalistas como para os convidados e visitantes.

caso da prensa gratuita–, veñen corroborar a excelente acollida e a progresión que está a ter nas sete principais cidades LV.

Ademais da repartición diaria de xornais en Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol, cunha media duns 40.000 exemplares desde que naceu, LV chega aproximadamente a 5.400 persoas máis a través do correo electrónico en formato PDF. A esta cifra habería que sumarlle aínda a edición especial que se vén publicando para os centros galegos de Bos Aires e Montevideo, con máis dun milleiro de exemplares de tirada.

Nas últimas sondaxes do Estudio General de Medios (EGM), *LV. De Luns a Venres* confirmou o seu asentamento en Galicia, onde hoxe é o único diario en galego.

No seu perfil de lectores destacan un crecente público feminino e xuvenil, así como unha ampla porcentaxe de castelanfalantes.

Coas cifras na man, *LV. De Luns a Venres* chega hoxe ao seu quinto aniversario coa satisfacción dun obxectivo cumprido: consolidar un proxecto que non se limita simplemente ao informativo, senón que busca promover e visibilizar a lingua galega.



Pechar a billa
ao lavar os dentes,
afeitarse ou lavar a louza
pode supoñer un aforro de
7.200 litros ao ano.
O equivalente a **4.800**
botellas de auga envasada.

- ✓ Usa o lavalouza e a lavadora cando estean cheos
- ✓ Arranxa as billas que pinguen
- ✓ Opta pola ducha sempre en lugar do baño

Aforra auga, polo ben de todos

galicia



XUNTA
DE GALICIA

historia

ADIANTÁNDOSE AO FUTURO

'LV. De Luns a Venres' naceu hai cinco anos coa edición dixital 'www.l-v.es', que acaba de fusionarse con 'www.galiciae.com'. A aposta deste xornal polas novas tecnoloxías é continua e reflíctese nos seus máis de 5.400 subscritores a través de internet e as 5.000 persoas que o seguen a diario nas principais redes sociais: Twitter e Facebook

LV. De Luns a Venres botou a andar cunha edición en papel de ata 50.000 exemplares [40.000 de media], pero sen esquecer nunca internet, consciente no seu día do crecemento deste soporte informativo. Así, de xeito paralelo naceu *www.l-v.es*, a páxina web do xornal, onde se ofrecía información e opinión e onde se interactuaba de xeito máis directo cos lectores do xornal.

Desde entón, a aposta dixital de LV non cesou, conscientes de que o chamado xornalismo do futuro é, en realidade, do presente, e tentando, en moitos casos, adiantarse a el.

Así, a propia páxina web renovou-se, actualizouse e vén de fusionarse con Galiciaé. Tanto a través de *www.l-v.es* como de *www.galiciae.com* pódese estar ao tanto da actualidade da comunidade a golpe de clic. Suma máis de 60.000 visitas ao mes. Ademais, o Grupo El Progreso, tamén alberga as edicións dixitais de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*, con máis de 500.000 visitas mensuais.

Tras a creación inicial da páxina web seguiu-se traballando para mellorar a chegada do xornal. O seguinte paso foron as subscricións a través da Rede. LV iniciou unha campaña en 2010, aproveitando a posibilidade de descargar o xornal todos os días en formato PDF a través da páxina web *www.l-v.es*, e conseguiu fidelizar máis de 5.400 lectores dixitais, que reciben a diario o xornal nos seus correos electrónicos. Esta campaña continúa na actualidade e as altas trámítanse enviando a palabra ALTA ao correo *info@l-v.es*. O obxectivo é acadar os 10.000 subscritores en 2012. Cabe lembrar que para descargar o xornal gratis non hai que ser subscritor.

E por último, o paso máis recente dado no mundo dixital foi a integración nas chamadas redes sociais. *De Luns a Venres* apostou inicialmente por Facebook e Twitter, as máis importantes, e a través delas xa conta cuns 5.000 seguidores diarios.

A folla de ruta, a partir de agora, debe ir encamiñada a potenciar a presenza de LV en internet, nas redes sociais e en facer o medio cada vez máis compatible cos novos soportes.

> Visítenos en www.l-v.es



A GOLPE DE 'TABLET' E TELÉFONO

Adaptarse aos tempos non só significa colgar contidos informativos na Rede sen máis, senón que hai que adaptalos a novas linguaxes e novos soportes de consumo de información. O mundo da comunicación dixital é hoxe o das chamadas *tablets* ou *tabletas* e o dos teléfonos móbiles de última xeración. Na imaxe, o LV no *ebooks*, unha das aplicacións do famoso iPad.

> A páxina web de 'LV' vén de fusionarse con 'Galiciaé', o que nos converte nun dos portais galegos de referencia informativa

> A plataforma dixital do Grupo El Progreso integra tamén as webs de 'El Progreso' e 'Diario de Pontevedra', así como a páxina Galicia Gastronómica

> Con máis de 500.000 visitas mensuais, trátase xa da segunda web informativa máis seguida de toda Galicia

> 'LV' continúa a súa aposta polas novas tecnoloxías coas redes sociais e subscricións



Unha ampla chegada ao público xuvenil e feminino 'LV' ten nestes colectivos a maioría dos seus lectores

Un aspecto fundamental da supervivencia de *LV. De Luns a Venres* é a súa capacidade para chegar a dous colectivos sociais claves aos que os outros xornais teñen un menor acceso: o público xuvenil e o feminino. A porcentaxe destes dous grupos de lectores en *De Luns a Venres* móvese entre o 55 por cento e o 60 por cento, fronte ao 30 por cento da prensa convencional. Para eles non é un obstáculo ler en galego, porque os textos son curtos e non só se fala de política, como na maioría dos periódicos convencionais, senón que hai unha temática cun enfoque máis social. Outra das curiosidades dos datos de EGM tamén merece ser destacada: a maioría dos lectores do noso xornal ten como primeira lingua o castelán (40 por cento) ou é bilingüe (29,7 por cento), fronte a un 30 por cento de galegofalantes. Iso é debido a que LV se reparte esencialmente nunha contorna urbana. E, en contra do que se puidese pensar, para esa xente non supón ningún atranco ler no idioma de Galicia.

Un Nadal único!

Una Navidad única! A Unique Christmas!

Programa especial do Concello de Santiago de Compostela

Nadal 2011 Santiago de Compostela

DESTACADOS • DESTACADOS • HIGHLIGHTS

17.12 - 07.01 | Santiago de Compostela

Suministro de Nadal

Suministro navideño

Christmas supply

17.12 - 08.01 | Plaza Obradoiro

Adito e Adito de Nadal

Adito and Adito de Navidad

Gift and Christmas tree

01.12 - 29.01 | Plaza Quintana

Plata de ano

Plata de ano

Go gold

16.12 - 08.01 | Plaza Central Alameda

Mercaado de Nadal / Carnosa infantil antiga granada

Mercaado navideño / Carnosa infantil antiga granada

Christmas market / Free Christmas carnival for children

16.12 - 24.12 / 26.12 - 04.01 | Plaza Riaz

Agito vello de Papai Noel e a Pasa Noel / Carpa de actividades infantís

Agito vello de Papai Noel

Agito vello de Santa Claus

22.12 | 21.00 h | Auditorio de Galicia

Cantora 800 Aniversario de Calisto: O Menino de Nozela (1912)

Cantora 800 Aniversario de Calisto: el Menino de Nozela (1912)

23.12, 30.12, 04.01 | ... - 06.00 h | Convento

Mercaado de compras: surtidos de viños e queques regalo, promocións especiais...

Mercaado de compras: surtidos e queques regalo, promocións especiais...

Shopping evening: gifts items featuring traps and gift cheques, special promotions...

04.01 | 18.00 h | Teatro Principal

Nadal Máxico

Nadal Máxico

Nadal Máxico

05.01 | 17.30 - 19.00 h | Estación Tren - Plaza Obradoiro

Catalista 50.000. Reis Magos do Oriente

Catalista 50.000. Reyes Magos de Oriente

South Night Parade

South Night Parade

05.01 | 19.00 h | Plaza Obradoiro

Exposición de debuxos animados

Exposición de debuxos animados

Cartoon show

05.01 | 22.00 h | Auditorio de Galicia

Concerto de Reis, Real Filarmónica de Galicia

Concerto de Reyes, Real Filarmónica de Galicia

Epiphany Concert, Real Filarmónica de Galicia

06.01 | 12.00 h | Teatro Principal

Concerto de Reis, Banda Municipal de Música

Concerto de Reyes, Banda Municipal de Música

Epiphany Concert, Municipal Music Band

E ADÉMÁS • Y ADÉMÁS • AND ALSO...

22.11 - 04.01 | Centro Sociocultural

Vive a Nadal: actividades para todos

Vive a Nadal: actividades para todos

Live Christmas: activities for everyone

Máis de 200 actividades para todos os públicos: obradoiros, música, teatro, decoración de Nadal, recital de poesía, concurso de adiviñas, cinema...

Más de 200 actividades para todos los públicos: talleres, música, teatro, decoración navideña, adivinanzas, concurso de adivinas, cine...

Mais than 200 activities for all ages: workshops, music, dancing, Christmas decorating, puzzles, trial tasks, films...

22.11 - 04.01 | CSC Esqueixo, Vila, Fontellas, Castiñeira, Corca

Vive a Nadal: Compromiso infantil - acción para familia e laboral

Vive a Nadal: Compromiso infantil - acción para familia e laboral

Vive a Nadal: Compromiso infantil - acción para familia e laboral

Vive a Nadal: Compromiso infantil - acción para familia e laboral

Live Christmas: Children's Commitment - Family and Labour Commitment

Actividades labor-mercadais co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias durante o Nadal.

Actividades labor-mercadais co fin de facilitar la conciliación de la vida familiar y laboral de las familias durante la Navidad.

Labour-mercatal activities for children with the aim of helping families coordinate family life at

E MOITO MÁIS... Y MUCHO MÁS... AND A LOT MORE...

15.12 | 21.00 h | Auditorio de Galicia

Real Filarmónica de Galicia

15.12 | 21.00 h | Teatro Principal

Toraleño Porfano, de L. Vitorino

16 - 17.12 | 21.00 h | Teatro Principal

Ópera Cowling, de E. Alcega

18.12 | 12.00 h | Teatro Principal

Banda Municipal de Música

19 - 21.12 | 20.00 h | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

Concerto de Compositores en Nadal

21 - 22.12 | 21.00 h | Teatro Principal

O teatro señor don Hamlet, de Á. Compañero

23.12 | 21.00 h | Teatro Principal

Tudo Lúcia 2011, Teatro de Jazz amador de Noia

23.12 | 21.00 h | Auditorio de Galicia

Santa Municipal de Música

25.12 | 21.00 h | Teatro Principal

Tudo Lúcia 2011, Música vivaz gallega

27 - 28.12 | 18.30 h | Teatro Principal

Alfaro no país das maravillas, Tívoli Cárchido (1912)

25.12 | 21.00 h | Teatro Principal

Tudo Lúcia 2011, París, ópera, charanga e balcón

30.12 | 18.30 h | Teatro Principal

Christmas magic, Flautistas acrílicos de Noia

30.12 | 21.00 h | Auditorio de Galicia

80 Concursos de Compositores, Federación Galega de Banda de Música

03.01 | 21.00 h | Teatro Principal

Tudo Lúcia 2011, A fermosa muller de Schubert



historia



O XORNAL DESFILOU NAS PASARELAS

De Luns a Venres tivo o privilexio de protagonizar unha singular anécdota no mundo da moda, concretamente na sétima edición do concurso nupcial de novos deseñadores Puerta de Europa, que se celebrou en Madrid en maio de 2008 e que reuniu futuros creadores de todo o país.

Alí, resultou gañador do certame un traxe nupcial deseñado polas modistas viguesas Leticia Priegue e Eva María Trezado, que confeccionaron o seu vestido con recortes do diario gratuito *LV De Luns a Venres*, como se pode apreciar na imaxe.

Os recortes do gratuito galego constituían un enorme lazo e a cola do vestido, que sorprendeu pola súa innovación. *LV* desfilou así nas pasarelas de Madrid.



ONDE HAI QUE ESTAR

O xornal publicou nestes cinco anos suplementos e deu cobertura especial naqueles eventos deportivos, sociais ou culturais de máis relevancia. O exemplo máis recente foi a repartición de milleiros de exemplares en Riazor con motivo do 'clásico' do fútbol galego

LV De Luns a Venres naceu un 21-12-2006 e, sen apenas tempo para botar a andar, xa publicaba ao día seguinte, o 22, unha edición especial vespertina –de tarde– na que repartía nas sete cidades galegas a listaxe completa dos números premiados e as pedreas do sorteo da Lotería de Nadal, para que a xente non tivese que agardar ao día seguinte. Esta acción, unha das moitas especiais que fixo *LV* desde o seu nacemento, repetiuse en anos vindeiros ata ser xa un referente na comunidade.

Con motivo da visita do papa Bieito XVI a Compostela, o 6 de novembro de 2010, o xornal tamén publicou unha edición especial, igual que as realizadas nos partidos da selección galega de fútbol ata 2008, da española en Riazor, da Copa de España de fútbol sala, no regreso do Obradoiro á Liga ACB, cada 25 de xullo no Día de Galicia, nas Letras Galegas e, máis recentemente, no clásico do fútbol galego entre Deportivo e Celta en Riazor.

Ademais, *LV* organizou cafés de redacción, charlas dixitais e colaborou activamente coas universidades sempre que lle foi requirido a nivel de conferencias ou congresos.



Compromiso coa lingua e a cultura de Galicia 'LV' consolida o certame 'Minicontos de Outono'

No ventre morno do río, de Silvia Álvarez, resultou o relato gañador do primeiro premio do certame de *Minicontos de Outono*, que promoveron o Centro PEN de Galicia e *LV De Luns a Venres*, dotado con 600 euros. O segundo premio, de 300 euros, recaeu en *Controladores e calendarios*, de José de la Torre. Finalmente, o terceiro foi para Eugenio M. Alonso por *Calcio*. Precisamente vén de pecharse o prazo de recollida de orixinais para a segunda edición do certame, cuxos gañadores se coñecerán a primeiros do ano que vén. Na primeira edición, os premios entregáronse nun acto na Cidade da Cultura presidido polo conselleiro Roberto Varela.

grupo

BAIXO O GRAN PARAUGAS

'LV. De Luns a Venres' forma parte do Grupo El Progreso de comunicación, que integra tres xornais, unha televisión, webs e axencias

O Grupo El Progreso xurdiu arredor do xornal do mesmo nome, cabeceira de referencia en Lugo e Galicia que celebrou en 2008 o seu centenario como un dos referentes informativos da comunidade. Xunto a el, o *Diario de Pontevedra* é outra das cabeceiras que ten o grupo na rúa, sendo o referente dos veciños da capital da provincia, cun importante crecemento nos últimos tempos. E desde 2006,

LV. De Luns a Venres súmase á aposta do grupo lucense, que preside Blanca García Montenegro. Todos estes xornais teñen a versión en internet, engadindo tamén as webs Galicia Gastronómica e Galiciaé. A planta de impresión está no Ceao. A nivel audiovisual, o grupo conta coa canle local Telelugo; mentres que a nivel de axencias informativas e de contidos dispón de AGN e Lugopress.



Móvete coa túa propia enerxía.



A pé lives máis.

metrominuto Pontevedra



Distancias e tempos camiñando pola cidade.

Tempos aproximados para camiñar pola cidade, calculados sobre a base de 5 km/h de media.

Fixate na cor do traecto, a distancia e o tempo que aproximadamente che levará percorrêlo.



portadas



28-05-2007
O PP, sen cidades

Apenas medio ano despois de nacer, *LV* afrontou a cobertura informativa das súas primeiras eleccións, as municipais de 2007. Nelas, o PP cedeu as cidades de Ferrol, Vigo e Ourense, co que quedou fóra do goberno nas sete urbes. Tamén perdeu a Deputación de Lugo, seguindo a tendencia das autonómicas de 2005. Foi sen dúbida unha das portadas do ano no que *LV* se deu a coñecer.



22-12-2008
Toca o Gordo

LV prestou sempre grande atención ao sorteo de lotería de Nadal, pero de forma moi especial en 2008, cando o número 32.265 deixou máis de 3 millóns de euros en Allariz e case outro millón máis en Piñor de Cea, sendo ademais a primeira vez que caía o Gordo na provincia de Ourense. Nese ano, a portada de *LV* cambiaba de deseño pola súa alianza co xornal *ADN*, do grupo catalán Planeta.



02-03-2009
A 'reconquista' do PP

O 1 de marzo de 2009, co *LV* aínda asociado con *ADN*, a portada do ano foi sen dúbida a reconquista da Xunta por parte do PP. Núñez Feijóo convertíase en presidente de Galicia tras catro anos de Goberno bipartito encabezado por Touriño e Quintana. A perda dun deputado do BNG na Coruña foi a mínima diferenza que permitiu a Feijóo recuperar a Xunta que perdera Fraga en 2005.



06-11-2010
Bieito XVI en Galicia

O Xacobeo 2010 marcou todo o ano en Galicia, sendo un remedio contra a crise ao recibir a comunidade máis de 8 millóns de visitantes e bater o seu récord de peregrinos. Entre eles, un moi ilustre, o papa Bieito XVI, que en novembro quixo visitar Compostela "como un peregrino de fe máis". A súa visita foi sen dúbida unha das novas máis destacadas dun ano de crise económica brutal.



02-05-2011
A fin de Bin Laden

Nunha operación de película en Paquistán, case dez anos despois dos atentados do 11-S, os EE UU daban unha das novas máis agardadas polo planeta: a captura e morte de Osama Bin Laden, autor intelectual do atentado contra as torres xemelgas e líder de Al Qaeda. Houbo polémica por tirar o cadáver ao mar. Meses despois, unha serie de revoltas acabaron con ditadores como Gadafi, Mubarak ou Ben Ali.

PALABRAS CON MEMORIA

Proxecto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) para recuperar palabras nosas en desuso, ou sexa, en perigo de extinción. Palabras e expresións que non recollen os dicionarios.

O/A visitante da web www.aelg.org pode consultar o glosario mensualmente actualizado e tamén enriquecelo enviando os vocábulos que teña arrombados no faio da lembranza ao enderezo palabra.con.memoria@aelg.org ou cubrindo un formulario. Se algunha palabra enviada non aparece na listaxe é que foi localizada nalgún dicionario.

DEPUTACIÓN DE LUGO
INDEPENDENCIA PASADA
Cultura e Turismo

NO JUEGUE CON SU DINERO

Deje en manos de su asesor fiscal el próximo movimiento

COSTAS ASESORES, S.L.
Asesoramiento Fiscal y Empresarial

Plaza Mayor, 29-1ºD
27001-Lugo
Teléfono: 982 221 007
Fax: 982 246 006
buzon@costasasesores.es
www.costasasesores.es

Somos un novo banco cos clientes de toda a vida.

Novagalicia agora chámase Novagalicia Banco.

Cambiamos, pero mantémonos fieis á nosa esencia: queremos ser un novo banco cos clientes de toda a vida.

Comezamos así unha nova etapa co obxectivo de manter a confianza e a proximidade cos nosos clientes, como xa o fixemos durante máis de 150 anos de contribución ao desenvolvemento de Galicia.

Estas son as nosos compromisos e os de milleiros de persoas que nos esforzamos cada día por darlles o mellor servizo aos nosos clientes.



novagalicia
banco

opinión

VENTO NAS VELAS!

Nos tempos que corren, de caza de bruxas contra a nosa cultura; nun momento en que a Administración decide desfacerse de 190.000 manuais escolares porque están en galego; nun momento en que se ven obrigadas a fechar cabeceiras centenarias como *A Nosa Terra*, que lograran manterse mesmo durante o franquismo; nun momento en que os poderes autonómicos pretenden censurar un libro de texto porque di que o galego é a lingua propia de Galiza –cando todo o mundo sabe que a lingua propia de Galiza é o malaio!-; neste momento, nesta época, os ánimos son máis necesarios que nunca.

As principais raiolas de esperanza para un futuro digno para a nosa cultura chegan coa xente que se mobiliza en defensa do noso idioma. Que a resposta social contra estes ataques sexa tan ampla

e acolledora abofé que enerxiza! Estaremos nunha situación difícil, porén existimos! A pesar do acoso: Existimos!

Para gañarmos ese futuro normalizado é fundamental o mantemento de proxectos referenciais como *LV*, un medio noviño no tempo porén xa insubstituíbel por tan preciso. Con motivo do voso quinto aniversario, quero darvos os parabéns e, con eles, as grazas por existídes, por falarde de todos os temas no idioma que nos une. Agardo que tanto as institucións como todas as persoas que temos sensibilidade pola nosa cultura saibamos estar á altura e acheguemos o vento necesario para que as vosas velas nos leven aínda a moitos máis logros colectivos. Parabéns, ánimos, forza...! E vento nas velas!

* Carlos Callón é presidente da Mesa pola Normalización Lingüística (MNL)

CARLOS CALLÓN



“Grazas por existir, por falar de todos os temas no idioma que nos une. Que todos acheguemos o vento necesario para que as vosas velas nos leven aínda a moitos máis logros colectivos. ¡Parabéns e ánimo!”



“Desde Vigo con amor para ‘LV’ en nome de todo ‘Siniestro Total’. Cinco anos son un lustro, pero tamén constitúen o plan quinquenal stalinista, á fin do cal estaba prevista a continuación dun novo plan quinquenal; así que xa sabedes o que tedes que facer”

Julián Hernández, cantante



“Mándovos as miñas felicitacións e parabéns por este lustro que acabades de cumprir e deséxovos ánimos para cumprir polo menos outros tantos anos”

Luz Casal, cantante



“Felicitovos polo voso xornal, porque non é doado manterse cinco anos a ese nivel como vós o facedes. Espero que sigades así e eu ter ocasión de darvos os parabéns dentro doutros cinco anos”

Oscar Pereiro, deportista



culturagalega.org



I. DESCUBRE

Ano Cunqueiro



II. CELEBRA

Mediateca do CCG



III. APRENDE

opinión

OS MORTOS QUE VÓS MATADES

Os medios en galego non teñen viabilidade. O papel (a prensa en papel e, xa postos, mesmo o papel en si) está condenado a desaparecer. Calquera que participe en xornadas sobre medios de comunicación, incluso en conversas privadas entre xornalistas, ten escoitado estes mantras. Ben co ton profético de gurú, ben co ton apesarado de quen lamenta estar no papel –nunca mellor dito– de ser dos últimos mohicanos dun oficio. Dinosaurios á espera de que impacte o meteorito que provoque a desaparición da especie (ou calquera outra circunstancia que a ciencia determine que fose a causa do proceso). Os agoiros da morte dos medios en galego e/ou en papel son coma eses títulos sobre os últimos campaneiros, redeiros, carpinteiros de ribeira... que se repiten cada X anos, cada vez que se fai unha reportaxe sobre eses

oficios. Debe ser que as reportaxes obran unha inexplicable influencia reprodutora e continuadora sobre os oficios reportaxeados.

A situación, dos medios en galego e/ou en papel non é boa. E tampouco quero exercer de reporteiro sobre os últimos representantes da fabricación de campás ou do tecido de redes –polo menos ata que se confirmen os seus efectos beneficiosos– describindo os síntomas e datos da doenza. Pero a existencia da enfermidade, por moi grave e avanzada que estea, non determina un desenlace fatal. Quitado que quen fai o diagnóstico colabore, por acción e/ou por omisión, en que se produza. Ou que o único remedio que se lle poña sexa a queixa, a salmodia, ou a súa versión contemporánea: a denuncia nas redes sociais. Que morran medios en galego pode

ser porque alguén acelerou o proceso, negándolle os remedios que a outros lles conceden sen maior problema, ou desviándoo a outros pacientes que non os usan nin precisan. Tamén porque a súa constitución, profesional, empresarial, ou as dúas xa era débil de seu. E que os medios impresos morran e vaian a menos quizais non se deba de todo ao soporte, senón á falta de estímulos e de imaxinación para adaptarse aos tempos, ou á teima en manter os esquemas tradicionais de facelos, e sobre todo de facelos chegar aos seus destinatarios.

De Luns a Venres, en papel e en galego, é precisamente a maior proba –aínda que non a única– de que unha tendencia certa non ten por que acabar nunha conclusión inexorable. De que esta sociedade pode ler en galego, aínda que non

XOSÉ MANUEL PEREIRO



“O xornal ‘LV’, en papel e en galego, é a maior proba, aínda que non a única, de que unha tendencia certa non ten que acabar nunha conclusión inexorable; de que esta sociedade pode ler en galego...”

este afeita, ou en boa parte non alfabetizada na nosa lingua. De que a calidade non garante a supervivencia, pero a súa ausencia ou a garda baixa en mantela si axuda, tarde ou cedo, á desaparición. De que cando todos se aprestan a satisfacer a demanda maioritaria, hai un campo aberto para os que pretenden ampliar a oferta. Porque, pensando mal –é dicir, ben, tal e como obriga este oficio– parece que as profecías

sobre o galego e/ou o papel son en realidade cantos de serea, ben intencionados ou todo o contrario, para xustificar a perda de algo máis grave: o periodismo. A súa desaparición para ser substituído por algo formalmente parecido, pero que non incomoda a quen debería de incomodar, nin satisfai aos que ten que satisfacer. Máis ben ao revés: agrada a quen debería de preocupar e deixa indiferente a quen debería de estimular.

* Xosé Manuel Pereiro é decano do Colexio de Xornalistas de Galicia



“Vivo en Madrid e alí non distribuídes, pero envío un saúdo e deséxovos que cumprades outros cinco máis, e logo outros cinco, e así ata o infinito, porque defender a cultura en galego merece a pena”



María Castro, actriz



“Galicia necesita un calendario de esperanzas e non de derrotas; tamén o xornalismo, neste tempo de perdas e peches. ‘LV’, un fito de esperanza para Galicia e unha referencia exemplar de xornalismo. ¡Parabéns e grazas!”



Manuel Rivas, escritor





JULIO REY

981 52 44 30 / 686 587 172

NUEVA PROMOCIÓN DE VIVIENDAS EN FONTIÑAS
JUNTO A LA CIUDAD DE LA CULTURA Y
MULTIUSOS DEL SAR
SANTIAGO

Fases 4 y 5
Promoción de viviendas de 1, 2 y 3 dormitorios

¿QUIERES QUE ESTE SEA **TU** TRABAJO?



Hazte
**Técnico en
Tanatoestética**

Te capacitamos para el
correcto acondicionamiento del fallecido
a través de tratamientos sanitarios y
estéticos: Peluquería,
acondicionamiento y maquillaje.

Obtén tu título

TRABAJA EN TANATORIOS TE GESTIONAMOS EMPLEO

a través de nuestra Bolsa de Trabajo

✓ PROFESIÓN
SIN PARO.

✓ GRAN
REMUNERACIÓN
1300€ MENSUALES.

✓ SIN REQUISITOS
PRÉVIOS.

✓ HORARIOS
FLEXIBLES
ADAPTADOS A TI.

 **ArondoS Formación**

**LLAMADA GRATUITA
900.813.031**



“Amigos de ‘LV’, hai que felicitarvos por estes 5 anos de xornalismo en galego e agradecer o esforzo de saír á rúa. Que sigades gozando do apoio dos lectores, que é o máis importante. Cinco apertas cantadas”

Amancio Prada, cantautor



opinión



Xosé Luis Méndez Ferrín

UN LECTOR FIXO

Aínda que eu, ignorante, non comprendo o mecanismo empresarial dos xornais gratuítos, fólgome moito de que exista un, o voso, escrito enteiramente en galego. Podedes estar seguros de que me tendes como lector fixo de *De Luns a Venres*. O estar ben concibido, escrito e deseñado, e mais o ser monolingüe noso, son as razóns nas que se asenta a miña fidelidade. En hora boa por este lustro de bo facer xornalístico. Fago votos por que cumprades un milleiro máis de anos, por falar á maneira de Don Álvaro.

* X.L. Méndez Ferrín é presidente da RAG



“Felicidades, xa que nos tempos que corren manterse no mundo xa é un logro. Valoro moito que chegedes a un público tan novo e que teñades outra forma de facer as noticias, de contalas e de ver a realidade”

Lucía Pérez, cantante



descubre
Ourense
mil e unha sensacións por disfrutar

www.ourense.travel

ourense
a capital do turismo

concello de ourense
municipio de Ourense

vigo

> Vigo é a cidade máis poboada de Galicia e como tal constitúe un dos puntos de referencia para 'LV' a nivel de distribución, tanto na rúa como en locais e expositores

> A primeira acción especial do xornal foi en Vigo, con motivo das eleccións municipais de 2007, nun suplemento barrio a barrio

“É unha boa nova que un medio cumpra anos ao servizo dos cidadáns. Aproveito para felicitar os responsables do 'LV' e para saudar a todos os seus lectores. Os meus mellores desexos de futuro”

Abel Caballero, alcalde



Máximo Caride
Cristaleiro de coches

“Sempre que podo collo o xornal nun bar preto de onde traballo. Vexo positivo que teña noticias curtas, non tan extensas como outros medios. Gústame sobre todo a sección de deportes e o detalle de poñer a quiniela feita por famosos”.



Ana Fernández
Administrativa

“Todos os días que teño tempo leo o LV, porque me parece un resumo de toda a actualidade en pouco espazo. Sempre me fixo no apartado de Vigo e na entrevista da segunda páxina. Tamén creo que é moi importante que estea en galego”.



Julia González
Parada

“Consulto a diario o xornal na súa edición dixital; paréceme máis cómodo. As noticias son concisas e dinámicas e están centradas nos datos importantes, sen cousas innecesarias. As seccións que máis consulto son España e Mundo”.



Teresa Mestra

“Aínda que na casa compramos tres xornais, collo *De Luns a Venres* porque me gusta a forma que ten de contar as noticias. Un apartado que me chama a atención son as entrevistas da contraportada e as opinións da xente que aparece aí”.

> acoruña

- > O xornal 'LV' reparte na Coruña a diario milleiros de exemplares, tanto en man e expositores como en establecementos hostaleiros
- > Os últimos datos de difusión de **OJD** amosan que xa se converteu no segundo diario da provincia da Coruña
- > Recentemente vén de publicar un **SUPLEMENTO** especial na cidade co gallo do derbi Deportivo-Celta

“Os meus mellores desexos e parabéns polo traballo de todos. Sodes un exemplo do bo xornalismo que hai en Galicia. Que cumprades moitos máis anos así de ben”

Carlos Negrreira, alcalde



José M^a Reino Mallo
Encargado de fotografía

“Vemos habitualmente o xornal pola zona e, sempre que hai algo de tempo, botámoslle unha ollada. Eu penso que está bastante ben e non teño problema para lelo en galego. De feito, son galegofalante... aínda que ninguén me obrigou a selo”.



Mercedes Alonso
Empregada municipal

“Se o atopo sempre o leo, pero en ocasións non é doado, ¡e iso que eu madrugo polo traballo! De todos os xeitos, ao mellor é que na miña ruta non me coinciden puntos de repartición. Gústame e entendo ben o galego co que se escribe”.



Juan Patiño
Dependente

“Eu son un lector habitual do LV, o que pasa é que non sempre é doado de conseguir, porque aquí, no centro, a xente demándao moito. Está moi ben e penso que a súa clave é que é claro e conciso. E enténdoo moi ben en galego”.



Carmen Boo
Deseñadora de moda

“Eu son lectora de LV. De Luns a Venres e paréceme un bo xornal, do que me gustaría destacar que sempre ten fotos moi curiosas. Gústame tamén porque usa un galego como o que eu aprendín, no deste moderno de laboratorio”.

Ourense

- > O gratuíto galego 'LV' reparte a diario cada vez máis exemplares na cidade das Burgas, tanto en man e expositores como en establecementos hostaleiros
- > Os últimos datos feitos públicos por EGM confirman a boa acollida que ten o xornal na cidade de Ourense
- > O gratuíto galego presta tamén especial atención á información da provincia

“Nestes 5 anos ‘LV’ amosou honestidade, credibilidade e confianza. Noraboa pola vosa aposta pola lingua galega e a mellor das sortes para os vindeiros 5 anos”

Francisco Rodríguez, alcalde



Antía Pousa Pérez
Secretaria

“Traballo no Concello de Ourense e sempre que o xornal chega por aquí procuro lelo. Enténdese perfectamente en galego e paréceme moi ben que haxa un medio gratuíto nestes tempos. Iso si, repartírao máis na cidade”



Franklin Estruch
Estudante

“Cheguei a Ourense desde Cuba hai máis ou menos un ano e coñecín *De Luns a Venres*. No meu caso é algo que aprecio, porque é dos poucos xornais que saen en galego e a min, por iso, motivame lelo, xa que me axuda co idioma”.



Graciela Prada López
Arquitecta

“É un xornal co que ás veces custa dar, pero cando o consigo si o leo. A min paréceme ben que un xornal local, de Galicia, se edite en galego. Eu cheguei de Arxentina hai 23 anos pero entendo ben o periódico e penso que todo o mundo o fai”.



Manuel Freire
Funcionario

“Cando coñecín o LV foi un xornal que me gustou, xa que ofrece moita información e moitas noticias en moito menos espazo que o resto, máis condensadas. Ademais, gústame tamén moito o feito de que sexa escrito todo en galego”.

REGALA NAVIDAD



El regalo perfecto para cada uno. Los adornos y todos los detalles para tu hogar. Los platos típicos navideños. La moda más deslumbrante para todas tus fiestas... En El Corte Inglés ponemos a tu disposición miles de ideas y toda nuestra ayuda para que encuentres todo lo que quieres para pasar una Feliz Navidad.



DESCUBRE MILES DE IDEAS PARA REGALAR

www.navidadenelcorteingles.es

santiago

> 'LV. De Luns a Venres' vén de dobrar a súa aposta pola capital de Galicia coa súa distribución en bares e locais de hostalería da cidade, ademais dos puntos de repartición habitual do xornal

> En Santiago é onde ten a súa sede o 'LV' e tamén foi escenario de numerosos suplementos especiais como a visita do Papa, o ascenso do Obradoiro á ACB, etc...

“Estimados lectores: desde Santiago, a miña máis sincera noraboa ao ‘LV’ por estes cinco anos de información; grazas por achegarnos o día a día e moito ánimo para continuar así”

Gerardo Conde Roa, alcalde



Keith Ammerman
Profesor da USC

“Leo o LV na cafetería da facultade e gústame especialmente porque é o meu medio de información para enterarme das noticias locais. Persoalmente, o único que engadiría sería a publicación dalgún artigo máis extenso unha vez á semana”.



Irene Camba
Quiosqueira

“Ao meu gremio os gratuítos non nos parece que sexan unha boa idea, xa que preferiría que estivesen nos quioscos. Porén, recoñezo que os novos xornais en galego non se venden e o LV si se le. Habería que escribir máis en galego na prensa”.



José Domingo Ortiz
Dependente e empresario

“Cólloa a cotío no Franco. Gústame a súa sinxeleza que ten dando a información, sen meterse en camisas de once varas; tamén que se reparta nas rúas das cidades, onde o galego ademais de escoitarse de balde, agora tamén se pode ler”.



María del Mar Nine
Secretaria

“Vén todo moi ben sintetizado e é unha maneira rápida de enterarse das principais noticias. Penso que é unha oferta axeitada para os tempos que corren. O que me estraña é que nunca coñezo a ningún das entrevistas persoais... ¿existe esa xente?”.

Lugo

> Lugo é a cidade na que se imprime o 'LV. De Luns a Venres', ao estar nesta urbe a sede de 'El Progreso', xornal raíz do grupo ao que pertence o gratuito galego

> Da rotativa que o grupo ten no polígono do Ceao saen cada día, de luns a venres, os 40.000 exemplares de media que o 'LV' distribúe nas sete grandes cidades galegas

“Nunha época de tantas dificultades é un orgullo para os lucenses a existencia dun medio escrito en galego que ten a súa orixe en Lugo. ¡Parabéns e longa vida ao 'LV'!”

José C. López Orozco, alcalde



Eloy Rodríguez
Ex alcalde de Portomarín

“Son un tolo dos diarios e gústame o LV como familia de *El Progreso* que é e por ser en galego. Léoo mentres tomo o café porque as súas noticias están expostas de forma sinxela e ademais podes levalo gratis para lelo con máis calma despois”.



Antonio Río Lombardero
Funcionario de Correos

“Leo o LV porque o hai na cafetería á que imos tomar o café polas mañás. É perfecto para informarte rápido das principais noticias do día, ao ser máis conciso que o resto dos xornais, nos que nunca podes ler as novas completas por falta de tempo”.



José Antonio Otero
Garda de seguridade

“Sempre collo o LV porque me resulta moi fácil de ler ao traer todas as noticias resumidiñas, algunhas delas que ata non vexo no resto de xornais. A min gústame especialmente a páxina 2; son un seguidor da sección *Gorxa Rouca*”.



Delio López Dobao
Funcionario

“Encántame que haxa unha publicación en galego cos problemas actuais; poder mirar as noticias cotiás na nosa lingua é algo que agradezo. Xunto ao bo trato do LV co idioma e a ortografía, gústame a estrutura do xornal, que facilita moito a lectura”.

> pontevedra

> 'LV. De Luns a Venres' está tamén presente na cidade do Lérez, sede do 'Diario de Pontevedra', xornal que pertence ao mesmo grupo que este xornal gratuito

> En Pontevedra provincia o 'LV' tamén chegou a distribuírse puntualmente noutras localidades fóra da capital, como foi o caso de Vilagarcía de Arousa

“Longa vida a ‘LV’ e forza para defender o noso idioma dos afogos actuais. Un saúdo para os afortunados cidadáns que poden gozar deste recuncho de lectura en galego”

Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde



Moncha Fernández
Autónoma

“Eu son de Marín e o certo é que en Pontevedra non vexo moito o LV. De Luns a Venres, pero as veces que o collín gustoume moito. Ademais, paréceme estupendo que haxa xornais gratuítos e enriba en galego porque a min encántame ler”.



Armino Dacosta
Vendedor ambulante

“Sempre que teño tempo collo o LV preto do Concello. Normalmente gústame moito e como eu son portugués o feito de que estea escrito en galego facilítame a lectura. Ademais, como é pequeniño no mercado teño tempo de lelo inteiro”.



María Dolores Santiago
Ama de casa

“Gústame as noticias curiosas e frescas que trae este gratuito, agora que nos medios só se fala da crise económica. En xeral, o xornal está moi ben e gústame que sexa en galego porque axuda os máis novos a familiarizarse coa lingua”.



Sara García Iglesias
Esteticista


“Cando podo collo o LV porque me resulta fácil e rápida a súa lectura, xa que non ten as noticias tan amplas como o resto dos xornais. Ademais, aínda que eu falo castelán gústame o feito de que estea escrito en galego, idioma que falan os meus avós”.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



CONSTRUÍNDOLA GALIZA DESDE OS CONCELLOS



> ferrol

> A cidade departamental e a súa área de influencia, sobre todo **Narón**, son parte importante do proxecto de 'LV' na nosa comunidade

> O xornal materializou varias **accións especiais** en Ferrol en diferentes ocasións e publicou algún especial sobre proxectos como a reforma da **praza de España** e outras infraestruturas locais

“No nome de toda a corporación de Ferrol e no meu propio felicitos os promotores e traballadores de ‘LV’, un proxecto que se consolida malia a crise. ¡A cumprir moitos máis!”

José Manuel Rey Varela, alcalde



Constantino Piñón
Camareiro

Tino, o camareiro do café Avenida, na praza de España ferrolá, opina que é “un periódico pequeno, onde vén todo moi resumido e ten moito éxito entre os meus clientes”. Asegura, ademais, que desde que o le “acostumeime máis ao galego”.



Lourdes Vázquez
Parada

“Páreceme xenial. Gústame como tratan as noticias en tan pouco espazo”, asegura Lourdes. “Tiña que haber máis xornais en galego. Páreceme increíble que algúns xornais que levan o nome Galicia se escriban despois en castelán”.



Óscar Garell
Socorrista

Este socorrista ferrolán, “habitual lector do LV”, confesa, declara a súa “simpatía” ao xornal “porque se interesa polo que pasa nos concellos como Ferrol, Narón, etc...”. Di que lle gusta en especial “o deseño que ten a portada”.



Manuela Caeiro e Josefina Seco
Pensionistas

Estas dúas ferrolás de pro son tamén asiduas seguidoras do xornal *De Luns a Venres*. “As veces aproveitamos o almorzo no café Avenida para lelo”, confesan, ao tempo que lle “desexan parabéns”.



www.balneariodemondariz.com

Información y reservas: Tel: 986 656 156

▶ exterior



EDICIÓN ESPECIAL PARA SURAMÉRICA E PARTE DE EUROPA

O xornal *LV. De Luns a Venres*, dentro do seu afán de mellora e superación, comezou en 2009 un interesante proxecto que o levou ao outro lado do océano Atlántico, concretamente a Arxentina e Uruguai, onde se repartiu a edición de *LV Exterior* impresa en Cidesol (Montevideo), primeiro a diario e, posteriormente, cada mes, con máis de mil exemplares.

Esta iniciativa tamén levou o gratuito galego a Suíza –na imaxe–. Ademais, o xornal atópase dentro da plataforma dixital CEXT, o portal dos españois no exterior.



A VOLTA AO MUNDO

Centos de persoas consultan día a día 'LV. De Luns a Venres' desde os recunchos máis insospeitados do planeta a través da plataforma dixital Galiciaé LV e das subscricións ao xornal

Desde Panamá ata Azerbaixán, pasando por Ghana e Taiwán, o *LV. De Luns a Venres* segue a estender a súa rede de lectores ao redor do mundo a través da súa plataforma dixital –Galiciaé LV– e da subscrición por correo electrónico.

A páxina web do xornal recibe día a día visitantes de dúzias dos máis diversos recunchos do planeta. No último mes, por exemplo, lectores de 98 estados

distintos informáronse a través da plataforma dixital, chegando a rexistrarse picadas de sitios tan rechamantes como Trinidad e Tobago, onde hai 3 lectores; Malta, onde está o seguidor de *LV* que permanece máis tempo na web en cada visita, con 19 minutos de media; ou Hong Kong, que conta con cinco habitantes que len o xornal gratuito galego.

Tamén é destacable o número

de países aos que chega *LV* a través das descargas do compendio do xornal ou mediante subscrición vía correo electrónico. Así, nos últimos 30 días, lectores de 26 estados dos cinco continentes consultaron *LV* deste xeito.

O espallamento do único gratuito en galego tamén se constata a través dos *mails*, seguidores nas redes sociais e mensaxes desde Arxentina, Suíza ou Cuba.



Dani Cancela
Lector en Hong Kong

Coruñés, futbolista, licenciado en Dereito e case en Xornalismo. Ese é Dani Cancela, que desde Hong Kong, onde xoga, le o *LV. De Luns a Venres*. "Reciboo todos os días no correo", di.

UN MODELO DE XORNAL QUE SE ESTUDA NOS EE UU

O *LV. De Luns a Venres* está a ser motivo de estudo nos Estados Unidos. Scola, unha organización educativa sen ánimo de lucro que se adica á investigación dos idiomas do mundo, emprega o único xornal gratuito en galego nos seus traballos máis recentes.

Cunha finalidade didáctica, os contidos elaborados por Scola son aproveitados por universidades e colexios de todo o planeta vía satélite ou por internet.

Ademais, *LV* tamén foi obxecto de estudo de profesores de institutos de Francia, Italia e Romanía a través dun proxecto Comenius do IES *Monte Castelo* de Burela.





IMPORTANTE!!!

- Mercar unha cesta de mermeladas Caurelor para darlle á larpeira da túa prima cando veña. 😊
- ↳ Está na sección de Alimentación da web


JUAN!!!

- E se mercamos online o pack de botellas de viño Porvide Godello para a comida do finde?
- ↳ Así non temos que achegarnos ó central

AVOA!

- Non fagas plans para a vindeira semana, que o xoves imos de ruta por Lugo co km0.
- ↳ Arreglino todo por internet!

www.losproductosdelugo.com
Deputación de Lugo



Opinión



“Felicidades por estes cinco anos de vida nuns tempos tan difíciles. Agardo que esteades aí con nós moitos máis”

Martín Barreiro, físico e meteorólogo



“Noraboa por estes cinco anos e que cumprades polo menos 105 máis. Deséxovos, e podedes poñelo ben grande... ¡TODO O MELLOR!”

Diana Nogueira, modelo e actriz



“Eu levo tempo fóra de Galicia, pero súmome á celebración de ‘LV’ neste quinto aniversario. Os meus parabéns para todos”

María Patiño, xornalista



“Os meus mellores desexos e felicidades. Agardo que nos vindeiros cinco anos poidades dar a noticia dun ascenso do Bregán de Lugo á Liga ACB”

Fernando Romay, ex xogador de básquet




T desde 16,80 € oo mes

estiramientos, concha de baloncesto, sounda, centro de estética, AERÓBIC, escola de espalda, tenis de mesa, PÁDEL · TENIS, MATRÍCULA GRATIS ata o 14 de febreiro de 2012

Multiusos Fontes do Sar, CONCELLO DE SANTA ISABEL +60

MULTIUSOS FONTES DO SAR · C.D. SANTA ISABEL · www.multiusos.net · T. 981 568 160 (Multiusos) · 981 581 220 (Santa Isabel) · Facebook



Estés donde estés. Vayas donde vayas. Vuelvo siempre. Feliz Navidad

Ests Navidad Joyas Noel Zornale En natal Ests natal Fery Cristas En natal Mulde Weirucken

imaxes



SANTIAGO: Unha lectora amosa tres LV na zona vella compostelá.



OS NOSOS POLÍTICOS TAMÉN LEN 'LV. DE LUNS A VENRES'

O gratuito galego *LV. De Luns a Venres* está presente na vida política diaria galega e non só polas súas novas. Algúns dos nosos representantes non dubidan en botar man do xornal alá onde o atopan, sexa no exterior do Parlamento galego, como o líder socialista Pachi Vázquez (e); nos propios corredores do pazo do Hórreo, como o voceiro parlamentario do Bloque, Carlos Aymerich (d); ou en actos e escenarios máis distendidos. Sirva como exemplo deste último caso o dos tres conselleiros da imaxe superior: Pilar Farjas, de Sanidade; Jesús Vázquez, de Educación; e Agustín Hernández, de Infraestruturas e Medio Ambiente, que comentan divertidos algunha das novas que aparece en *LV. De Luns a Venres*.

Ofertas depilclub | depilación láser avanzada

En estas fechas, regala *Belleza*

Estamos en máis de 800 centros de toda Galicia. Indícanos: 902 111 804

40€	50€	100€
60€	75€	120€
150€	175€	200€

Presenta este anuncio y obtendrás un 20% de descuento sobre las ofertas

CONDE Electricidade

Instalacións e mantementos. S.L.U.

Electricidade - Telefonía - Redes de datos

Calefacción tarifa nocturna

Circuitos fechados TV - Dormitica - Venda de materiais de iluminación

~ Felices Festas ~

Edificio Boa Vila II - Boleo comercial 1-A - RAMALLOSA - TEO

Tel/Fax: 981 609 763 - Móbil: 639 351 981

Correo electrónico: conde-electricidade@hotmail.com

PUB O CURRUNCHO

Rúa Entremuros, 12 - Santiago de Compostela - Tel. 981 57 67 78

www.ocurruncha.com - correo@ocurruncha.com



VIGO: LV, no día a día da urbe galega máis poboada.



LUGO: O xornal non esquece a cidade raíz do grupo.

AGROAMB

S E N T I D O D A R E C I C L A X E

AGROAMB está autorizada pola Administración española como PLANTA TÉCNICA para a elaboración de FERTILIZANTES orgánicos a partir de residuos e subprodutos biodegradables

O **GRUPO AGROAMB** está formado por un conxunto de empresas cuxa actividade completa o ciclo da xestión de residuos, contando para iso cun equipo multidisciplinar de profesionais con ampla experiencia na Xestión Medioambiental e Agronómica.

É unha compañía orientada a dar solucións de valorización e xestión integral dos residuos, empregando sempre as mellores técnicas disponibles e optimizando a loxística de transporte.

O **GRUPO AGROAMB** posúe autorización para a xestión de:

- Valorización e xestión de residuos sólidos urbanos (SC-U-NP-XV-00040 y SC-U-NP-XV-00036)
- Valorización e xestión de residuos industriais non perigosos (SC-I-NP-XV-00064 y RIV-24/01)
- Rexeneración ambiental
- Transporte de residuos perigosos (T/001/01)
- Transporte de residuos sólidos urbanos (SC-U-NP-XRT- 00072)
- Transporte de residuos industriais non perigosos (SC-I-NP-XRT-00083, SC-I-NP-XRT-00056 e SC-I-NP-XRT-00122)

Conforman o **GRUPO AGROAMB** as seguintes empresas:



AGROAMB

VALORIZACIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS BIODEGRADABLES

Titular da primeira planta cunha capacidade próxima a 300.000 tms/ano para a valorización e tratamento de residuos agrarios segundo o disposto no RD 824/2005 sobre fertilizantes, o RD 1310/1990 sobre a aplicación agrícola de lodos e o Regulamento CEE 1774/2002 sobre subprodutos animais. Agroamb aposta fortemente por I+D+i coa súa presenza en numerosos proxectos de investigación.



TRESAMB

LOXÍSTICA ESPECÍFICA EN CONTEDORES

Dispón de vehículos específicos en diferentes configuracións, adaptándose a cada necesidade medioambiental do cliente. Innovación e eficacia no transporte. Servizos de conselleiro de seguridade e operador de transportes.



AGROAMB-TRESIMA UTE

XESTIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS

Comercializa e coordina a prestación de servizos para a xestión ambiental integral dos distintos residuos (incluídos residuos perigosos). Desde a súa recente creación, xestiona máis de 50.000 tms/ano de residuos biodegradables.

ONEGA ARES, S.L.U.

SERVIZOS AVANZADOS DE TECNOLOXÍA AGRARIA

Empresa de servizos agrarios que conta cos últimos equipos en mecanización para a sementeira, cultivo e posterior recolección das diferentes producións agrarias.

TROBO AGRÍCOLA, S.C.G.

PRODUCCIÓN INTEGRADA DA TERRA

Sociedade para a explotación en común da terra, orientada á produción integrada de forraxes e cultivos enerxéticos. Dispón dun banco de terras que supera as 3.000 hectáreas.

Agroamb

C/ Calzada das Gándaras, 11.
Local baixo dta. 27003 Lugo
Teléfono (+34) 982 231 365

Fax (+34) 982 240 534

E-mail agroamb@agroamb.com

Web www.agroamb.com

I+D+i – DESENVOLVEMENTO LOCAL – CREACIÓN DE EMPREGO
(30 POSTOS DIRECTOS, MÁIS DE 150 INDIRECTOS) – CAPITAL
100% GALEGO – GLOBALIZACIÓN – ENERXÍAS RENOVABLES –



> efemérides

'LV' NACEU O DÍA EN QUE...

1879: O 'New York Herald' anunciou o invento de T. A. Edison do alumado público eléctrico

1937: Walt Disney preestrea nos Estados Unidos o seu primeiro clásico de debuxos animados, 'Branca-neves e os 7 ananiños'

1959: Franco reúnese en Madrid con Dwight Eisenhower, presidente dos EE UU, que foi recibido por un millón de persoas nas rúas

1988: Morren 270 persoas no atentado de Lockerbie, en Escocia, sobre un avión da Pan Am, do que acusaron a espías libios



> En Roma, o Senado descobre en 1471 a illa de **Vespasiano**, a 240 km ao oeste de Gabón

> Tripulantes lusos descubren en 1471 a illa de **Santo Tomé**, a 240 km ao oeste de Gabón

> **Buffalo Bill** chega a Barcelona en 1890 co circo no que amosa as súas habilidades

> Pierre e Marie **Curie** descubren en 1998 o elemento químico radio

> En Noruega, as **mulleres** participan, por primeira vez no mundo, nunhas eleccións comunais. Era 1901

GALICIA DI 'SI' EN 1980 AO ESTATUTO DE AUTONOMÍA

Era o ano 1980 e Galicia votaba en referendo o proxecto de Estatuto de Autonomía. Cunha escasa participación do 28%, a poboación galega daba luz verde á norma básica da comunidade. Foron 450.556 votos a favor (73%) e 121.448 en contra (19%) para un texto que sería ratificado polas Cortes Xerais en febreiro de 1981 e asinado polo Rei o 6 de abril.



Aniversarios 21 de decembro

O cantante José María Sanz, *Loquillo*, foi un dos persoeiros que naceron un 21 de decembro, no seu caso, de 1960. Tamén viñeron ao mundo ese día a actriz Jane Fonda (1937), o músico Frank Zappa (1940), o presidente chinés, Hu Jintao (1942), o guitarrista Paco de Lucía (1947) e o actor Samuel L. Jackson (1948), entre outras personalidades.

1948: Irlanda sepárase da Commonwealth, paso previo á súa constitución como República Irlandesa o 1 de abril de 1949

1958: Francia aproba en referendo a súa V República, que deu pé á elección do militar Charles de Gaulle como presidente tras pasar por riba do comunista Marrane

1989: En Romanía, Nicolae Ceaucescu convoca unha asemblea do PCR que inflama as revoltas que acabaron coa súa execución e a da súa muller Elena tres días despois, o 25 de decembro

> Publícase no 'New York World' o primeiro **crucigrama** en 1913

> En 1966, a URSS lanza a sonda espacial '**Luna 13**', que aluniza con éxito e recolle mostras da superficie ata que se perde contacto coa Terra

> Morre o poeta **José Hierro** en 2002, expoñente da poesía da posguerra española

> Un **temporal** deixa sen clase 2.800 rapaces galegos en 2009 e provoca a morte dunha percebeira en Ribadeo

> En 2010, o Congreso tomba a **lei 'Sinde'** contra as webs de descargas en internet



*Les deseamos
unas muy
Felices
Navidades
y Próspero
año 2012*

**Líderes en ciclos
integrales del agua
y tecnologías.**

La Torre Agbar ha recibido el distintivo **Green Building**, concedido por la Comisión Europea a los edificios cuyas instalaciones mejoran ampliamente la normativa oficial en materia de eficiencia energética.



En Agbar nos esforzamos día a día para ser mejores, para superar expectativas: las tuyas y las del planeta. Desarrollamos nuevas tecnologías y aportamos nuestro conocimiento para fomentar un uso más responsable del agua.

Al servicio de las personas, las instituciones y la industria, a favor del desarrollo de ciudades más humanas y sostenibles y en equilibrio con el medio ambiente.

www.agbar.es



Agbar





ahora la energía no tiene límites ni fronteras

Hemos unido a dos compañías expertas en gas y en electricidad para crear la primera empresa energética integrada de España y Latinoamérica. Ahora la energía se adapta a ti y a veinte millones de clientes en veinticinco países del mundo. Contigo hemos llegado muy lejos, y seguiremos trabajando con toda la energía del mundo para estar siempre a tu lado. ¿Vienes?

www.gasnaturalfenosa.es

gasNatural 
fenosa